

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



## TABOLEIRO

**Anuncio:** Aprobación inicial do cambio de sistema do polígono de solo urbano non consolidado UU-R17 do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo. Información pública.

**Expediente:** 2024/U032/000002.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 3 de xuño de 2024, acordou aprobar inicialmente a modificación do sistema de actuación alleo ao planeamento do polígono UU-R17, para o cambio de sistema de actuación indirecto de compensación ao sistema de actuación directo de cooperación, promovido polo concello de Carballo e segundo o informe xurídico asinado por María del Carmen González Ferro, en virtude do contrato menor de servizos SER 17/2024, presentado o 21/05/2024, número de rexistro de entrada 202499900002754.

O que se somete a información pública por un prazo dun (1) mes, en cumprimento do disposto no artigo 285.3 do regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

Así mesmo, notificaráselles individualmente o acordo de aprobación inicial a todos os propietarios afectados.

Este anuncio serve de notificación para as parcelas con titulares catastrais descoñecidos ou para aqueles titulares que se descoñece o seu enderezo.

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e neste taboleiro.

Carballo, 13 de xuño de 2024

Evencio Ferrero Rodríguez  
Alcalde